



Guion técnico exemplo

EMISORA OU GRUPO RESPONSABLE:		
Noticia: "Os centros educativos celebran o día da radio".		
Dirección ou realización:		
Duración: 1 a 3 min.		
Secuencia de realización		
Control-realización	Sintonía	7''
Locutor/a	Centros educativos de Educación Primaria e Educación Secundaria celebran o día da radio participando no certame especial -A hora da radio- convocado polo Área de Tecnoloxía Educativa da Consellería de Educación e Universidades. Docentes e alumnado poderán participar no devandito evento presentando produtos radiofónicos mediante podcast. Con este evento, a Consellería pretende dar un impulso ao uso da radio como unha ferramenta para desenvolver unha das súas liñas prioritarias relacionada coa competencia comunicativa. Así nolo explica o conselleiro de Educación	25''
Corte 1	Sen dúbida, a radio é unha ferramenta fundamental para desenvolver unha pedagogía máis activa nas aulas, grazas ás Tecnoloxías da Información e Comunicación. Con este fin, dende a Área de Tecnoloxía Educativa estase poñendo en marcha a radio escolar a través dunha plataforma con recursos didácticos.	15''

Locutor - presentador o presentadora 2	"La hora de la radio" arranca el 13 de febrero y se prolongará hasta finales de abril. En este periodo cada centro podrá participar libremente subiendo productos posibles en un magacín radiofónico.	15''
Control	Pisador musical de cambio de noticia	5'



A noticia



Que é?

Constitúe a materia prima do xénero informativo por excelencia.

É o relato dun acontecemento actual e de interese público polo seu carácter sorprendente, paradóxico ou trascendental

A redación dunha noticia non busca a creatividade ou orixinalidade na exposición se non a claridade, a concreción e a concisión

Cumpre a función primordial dun periodista que é informar



Obxectivo

Dar a coñecer datos, feitos ou circunstancias de interese para a sociedade.



Elementos chave

Para conseguir unha boa información en radio séguese respectando o modelo de pirámide invertida, concentrando o relevante ao principio da exposición. Para iso está a técnica das 6W (Who, what, why, where, when, how). No noso caso serían as seguintes:

- Quen?
- Que?
- Por que?
- Onde?
- Cando?
- Como?

Pero a estas seis preguntas poderíamos engadir:

- Segundo quen?
- Para que ou con que obxectivo?
- Canto ou cantos?



O feito

Debes aplicar todas esas preguntas ao feito noticiable.



A voz e o ton

A locución debe ser neutra para non contaminar a mensaxe. Estamos no xénero informativo polo que debe obviarse calquera intención de opinión implícita ou explícita.



A música

A diferenza da locución de publicidade ou opinión, a información non ten que ter música, a non ser que forme parte da noticia en si.



Os efectos de son e a ambientación

A noticia pode incluír cortes substituíndo as referencias textuais entrecomilladas que usaríamos nunha noticia de prensa. No relato da noticia insírense as palabras directas se son necesarias para xustificar a información.



Como?

1

O obxectivo dunha noticia é transmitir coa maior precisión unha mensaxe, sen deixar oco a unha interpretación dubidosa.

2

A linguaxe debe ser claro, conciso, preciso, fluído, sinxelo, áxil e fácilmente comprensible para a audiencia.

3

Debe ser conciso, co número xusto de palabras, coa finalidade de ser fiel á realidade.

